

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA NOVE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE.

En Paradela, a nove de marzo de 2020.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dous minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. Iván Castro Díaz
- D^a. Sara Arias López
- D^a M^a Montserrat Mulet Sar
- D^a Ana Belén López Álvarez, incorporouse á sesión no punto sexto da Orde do Día ás 13:16 horas.
- D. Adrián Fernández Juíz
- D. Jesús Pablo López González
- D. Benjamín López Mato

Non asiste D. Roberto Díaz Luaces, xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 30 DE XANEIRO DE 2020.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de xaneiro de 2020, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de xaneiro de 2020.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros

2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL N.º 2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO EN DOUS ÁMBITOS DO SOLO URBANO DE PACIOS - PARADELA.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

Antecedentes de feito:

PRIMEIRO.- O día 22 de maio de 2019 foi aprobado inicialmente o proxecto de Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal en dous ámbitos do solo urbano de Pacios - Paradela, mediante acordo do Pleno, e este foi sometido á



información pública por un prazo de dous meses mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia núm. 112, do día 14 de xuño de 2019 e no xornal La Voz de Galicia, da mesma data.

SEGUNDO.- De conformidade co apartado 7 do citado artigo 60 da Lei do Solo, deuse traslado do expediente ao órgano competente en materia de urbanismo o 28 de agosto de 2019, o cal realizou as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.

TERCEIRO.- Solicitouse, ao mesmo tempo que se realizou o trámite de información pública, de acordo co establecido no Anexo II do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os informes sectoriais na tramitación dos instrumentos de planeamento que tras a aprobación inicial e en todo caso e cando afecten ao despregue das redes públicas de comunicacións electrónicas:

- Informe de Confederación Hidrográfica: informe favorable con entrada no Rexistro do Concello o 4 de xullo de 2019 (2019-E-RC-545).

- Informe do Ministerio de Economía e Empresa (Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información): informe favorable con entrada no Rexistro do Concello o 19 de xullo de 2019 (2019-E-RC-589).

- Informe do Ministerio de Fomento (Subdirección Xeral de Planificación de Infraestruturas e Transporte): informe favorable con entrada no Rexistro do Concello o 31 de xullo de 2019 (2019-E-RC-630).

- Informe da Delegación do Goberno (Área de Fomento) informe favorable con entrada no Rexistro do Concello o 6 de agosto de 2019 (2019-E-RC-640).

CUARTO.- O 14 de xuño de 2019 (2019-E-RC-485), recibíuse comunicación da Secretaría Xeral da Delegación de Economía e Facenda en Lugo.

QUINTO.- O 12 de febreiro de 2020 (2020-E-RC-77) ten entrada no Concello o informe relativo ao resultado do trámite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, así como copia dos informes sectoriais.

- Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda – Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

- Informe da Consellería de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza – Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

- Informe da Consellería de Cultura e Turismo – Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

- Informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda – Instituto de Estudos do Territorio.

*Vistos os informes técnicos e xurídicos e de acordo co disposto no artigos 60 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Alcalde-Presidente, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación:*

***Primeiro.-** Que se aprobe provisionalmente a Modificación puntual n.º 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal en dous ámbitos do solo urbano de Pacios – Paradela.*



Segundo.- Unha vez dilixenciado, que se traslade o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

Procédese á votación da proposta, que resulta aprobada pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

3º. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PARADELA.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

Visto o acordo plenario de 18 de xullo de 2019 polo que se aprobou a adhesión do Concello ao convenio e a 1ª addenda do convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e unha vez asinado o convenio, por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte fíxose entrega a este concello do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF) en formato dixital e formato papel.

O proxecto contempla unha primeira fase do plan, consistente na creación de franxas secundarias, é dicir, áreas de seguridade que se separen 50 metros do límite xeográfico do núcleo rural, que deben estar libres de maleza e de especies pirófitas.

A segunda fase do proxecto, que se realizará máis adiante, tamén por Seaga, contempla a protección daquelas vivendas illadas e das redes de viarios rurais e urbanos que non están dentro dos núcleos.

Co fin de desenvolver na práctica os plans municipais, Seaga pon a disposición dos concellos a aplicación Xesbio, toda vía en fase de creación, a través da cal o concello poderá introducir de forma informatizada todos os datos das referencias catastrais que se verán afectadas polo novo plan municipal. Así, poderán enviarse sinxelamente as notificacións aos propietarios das fincas para que poidan proceder á adaptación e limpeza das súas fincas, en caso de atoparse dentro do límite dos 50 metros das franxas secundarias.

Visto o acordo de aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Paradela (PMPDIF) adoptado por unanimidade en sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2019, así como a apertura dun período de información pública por un prazo de vinte (20) días hábiles contados a partires da publicación do anuncio no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na web www.paradela.es, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados. A referida publicación realizouse no BOP núm. 279 de 5 de decembro de 2019 e no Taboleiro de Anuncios e na web www.paradela.es nesa mesma data.

Consta no expediente un única alegación presentada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Galicia.



Finalizado o trámite de información pública solicitouse á Consellería do Medio Rural - Dirección Xeral de Ordenación Forestal o informe preceptivo e vinculante esixido polo artigo 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de defensa contra os incendios forestais de Galicia quen o remitiu o 3 de marzo de 2020, con rexistro nº 2020-E-RC-134, indicando respecto ás alegacións:

(...)En reposta á primeira alegación relativa ao incumprimento do requisito de autoría, acompaña a este informe o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Paradela asinado por técnicos competentes en materia forestal, tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello de Paradela estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do devandito Concello, sen que se propoña ningún cambio pola súa parte. En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde aos concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.

En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado enriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estradas de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houber.

INFORME

O Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello Paradela cumpre cos requisitos mínimos establecidos no artigo 16 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, para a súa aprobación.

En consecuencia, en vista do exposto anteriormente, esta Subdirección Xeral informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa



do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais de Paradela, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, tal e como se establece no artigo 21.1.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril”.

Sendo necesario seguir coa súa tramitación, e polo que se propón ao Pleno do Concello:

Primeiro.- Desestimar integramente as alegacións presentadas polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Galicia, en base ás consideracións indicadas no informe preceptivo e vinculante asinado polo subdirector xeral de Prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Segundo.- Aprobar definitivamente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Paradela (PMPDIF).

Terceiro.- Comunicar o acordo que se adopte á Consellería do Medio Rural-Dirección Xeral de Ordenación Forestal, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos sete Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

4º.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2019.

Deuse conta do decreto de 29 de xaneiro de 2020 que se transcribe a continuación:

“Considerando que o artigo 191.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece que o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigacións o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesourería local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

Considerando que o citado artigo engade que as obrigacións recoñecidas e liquidadas non satisfeitas o último día do exercicio, os dereitos pendentes de cobro e os fondos líquidos a 31 de decembro configurarán o remanente de tesourería e que a súa cuantificación deberá realizarse tendo en conta os posibles ingresos afectados e minorando de acordo co que regulamentariamente establézase os dereitos pendentes de cobro que se consideren de difícil ou imposible recadación.

Considerando que a liquidación do Orzamento debe confeccionarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte, correspondendo a súa aprobación a esta Alcaldía, previo informe da Intervención municipal.

Considerando que o artigo 93.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, establece que a liquidación do Orzamento poñerá de manifesto respecto do orzamento de gastos, e para cada partida orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados. E respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

Considerando que o artigo 93.2 do Real Decreto 500/1990 establece que como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse: os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro, o resultado



orxamentario do exercicio, os remanentes de crédito e o remanente de tesourería, todo iso nos termos regulados nos artigos 94 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos que nos ocupa.

Considerando que o artigo 3.1 en concordancia co artigo 2.1. c) da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Entidades Locais realizárase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendendo a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Considerando que o artigo 4 da mesma Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 6/2015, de 12 de xuño, de modificación da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas e da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira,, engade que as actuacións das Administracións Públicas tamén estarán suxeitas ao principio de sostibilidade financeira, entendendo como tal a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidad de débeda comercial, conforme ao establecido nesta Lei e na normativa europea. Así mesmo, para o cumprimento do principio de sostibilidade financeira as operacións financeiras someteranse ao principio de prudencia financeira.

Considerando que o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, que a Intervención municipal elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus Organismos e Entidades dependentes. O informe emitírase con carácter independente e incorporárase aos previstos no artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistos o informe emitido pola Secretaría Xeral e os da Intervención Municipal sobre a liquidación do Orzamento Municipal e sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Tendo en conta o establecido na normativa citada e o contido no informe da Secretaría-Intervención de data 28 de xaneiro de 2020, en uso das facultades conferidas polos artigos 191.3º e 193. 4º e 5º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por medio da presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2019 nos termos que constan no expediente e de conformidade co exposto nos informes da Secretaría Xeral e da Intervención municipal, cuxos datos máis significativos son:

RESULTADO PRESUPOSTARIO

Dereitos recoñecidos netos(+)	2.153.598,56 €
Obrigas recoñecidas netas(-)	2.218.402,40 €
Resultado presupostario	- 64.803,84 €
Gastos financiados con remanente de	





Concello de Paradela

tesourería para gastos xerais (+).....	369.059,24 €
Desviacións de financiamento negativas (+).....	323.638,48 €
Desviacións de financiamientos positivas(-).....	2.428,82 €
Total axustes.....	690.268,90 €
Resultado presupostario axustado.....	625.465,06 €

REMANENTE DE TESOURARÍA

1. (+) Fondos líquidos en tesourería ó peche do exercicio.....	316.572,90 €
2. (+) Deudores pendentes de cobro ao remate do exercicio.....	395.016,81 €
De orzamento de ingresos. Exercicio corrente.....	294.506,04 €
De orzamento de ingresos. Presupostos pechados.....	98.817,20 €
De operacións comerciais.....	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias.....	1.693,57 €
3. (-) Acreedores pendentes de pago ao peche do exercicio.....	34.013,45 €
De orzamento de gastos. Exercicio corrente.....	5.250,00 €
De orzamento de gastos. Exercicios pechados.....	0,00 €
De outras operacións non orzamentarias.....	28.763,45 €
4.- Partidas pendentes de aplicación.....	1.484,82 €
(-) Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva.....	0,00 €
(+) Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva.....	1.484,82 €
I. Remanente de tesourería total (1-2+3-4).....	679.061,08 €
II. Saldos de dudoso cobro.....	49.604,05 €
III. Exceso de financiación afectada.....	2.428,22 €
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III).....	627.028,21 €
V. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31.12.19	0,00 €
VI. Saldo de obrigas por devolución de ingresos pendentes de de aplicar ao orzamento a 31.12.19.....	8.876,22 €
VII. Remanente de tesourería para gastos xerais axustado.....	618.151,99 €

REMANENTES DE CRÉDITO:

De conformidade co disposto nas regras 37 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, os remanentes de crédito atópanse os mesmos na seguinte situación:

1.- Presuposto definitivo.....	2.847.626,45
2.- Obrigas recoñecidas netas.....	2.218.402,40
3.- Remanente de Crédito.....	633.874,05
4.- Remanentes comprometidos.....	502.357,39
Incorporables.....	502.357,39
Non incorporables.....	0,00
5.- Remanentes non comprometidos	210.751,86
Incorporables.....	20.189,10
Non incorporables.....	111.327,56
6.- Remanentes totais a incorporar.....	522.546,49



SEGUNDO.- Declarar coma remanentes comprometidos incorporables:

Partida		Descripción	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
153	619	Obra “Humanización do entorno de edificios e equipamentos dotacionais (Rúa Galicia, Rúa da Escola e Rúa Cabaleiros de Santiago)”,	90.049,37
161	633	Obra “modificación das instalacións da E.T.A.P. en Ferrería para mellora da eficiencia enerxética e medio ambiental”	45.777,82
165	639	Obra “Renovación de instalacións de iluminación exterior en Paradela”.	108.724,85
422	609	Obra construción nave destinada á creación de viveiro industrial de empresas no parque empresarial de Paradela.	220.295,35
454	619	Obra “Rexeneración do pavimento dos accesos a Paredes de Abaixo e As Bustaregas”.	37.510,00

TERCEIRO.- Declarar coma remanentes non comprometidos incorporables:

Partida		Descripción	Importe Euros
<i>Grupo Programa</i>	<i>Concepto</i>		
231	226	Acción Social, gastos diversos. Pacto de Estado contra violencia de xénero.	750,33
241	131	Fomento de emprego. Gastos persoal laboral temporal. Peóns Programa Aprot Rural.	1.467,29
241	160	Fomento de emprego. Cotas sociais persoal laboral temporal. Peóns Programa Aprot Rural.	389,35
453	619	Obra Remantes Plan Único 2019. Obra Rexeneración do pavimento de acceso a Gondar.	17.582,13

CUARTO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

QUINTO.- Remitir copia da liquidación que se aproba ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O Pleno dase por enterado.

5º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGLA DE GASTO E NIVEL DE DÉBEDA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2019.

Deuse conta do informe de 28 de xaneiro de 2019 que se transcribe a continuación:

INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E REGLA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2019.

Con motivo da liquidación do orzamento do exercicio 2019 e en cumprimento do





previsto no artigo 16.2 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, e de conformidade co establecido o artigo 4.1.b.6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte **informe**:

Primeiro.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

E de igual maneira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Segundo.- Lexislación aplicable

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, artigos 3, 11, 12, 21 e 23.
- RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais. (RLEO)
- RDL 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (TRLFL)
- Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).
- A Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).

Terceiro.- O artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, establece que, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, referido á liquidación.

No caso de que o resultado da avaliación do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria ou da Regra do Gasto sexa incumprimento, a Entidade Local formulará un Plan



Económico-Financeiro de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Cuarto.- Cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria, identifícase cunha situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).

Establece o artigo 2 da LOEPSF que “ós efectos da presente lei, o **sector público** considérase integrado polas seguintes unidades: as **corporacións locais.....**”. Pola súa banda o artigo 3 determina que a elaboración, aprobación e execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten ós gastos ou ingresos dos entes que forman o sector público, entre eles, as Corporacións Locais, realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 establece a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria, así, as entidades locais deben axustar seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria “A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria”, “ningunha Administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais”, “as corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 4 do Regulamento cando establece que “as entidades locais.... aprobarán, executarán e **liquidarán** os seus presupostos consolidados axustándose ó principio de estabilidade...”.

En suma, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en términos de capacidade de financiación dacordo ca definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95), é dicir, a existencia dun equilibrio en términos de presupostación, execución e liquidación, entre os **ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza**, de modo que se os ingresos son superiores ós gastos estaremos nunha situación de equilibrio (capacidade de financiación), polo contrario, se os gastos superan ós ingresos estaremos ante unha situación de desequilibrio (necesidade de financiación).

O cálculo da variable capacidade ou necesidade de financiamento no marco das Entidades Locais, en termos orzamentarios SEC-10 e obviando certos matices de contabilización, obtense da diferenza entre os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Ingresos e os Capítulos 1 a 7 do Orzamento de Gastos.

Esta operación debe calcularse a nivel consolidado incluíndo a estabilidade dos entes dependentes non xeradores de ingreso de mercado.

Debido ás diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, é necesario a realización de **axustes** a fin de adecuar a información orzamentaria desta entidade aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-10).



Así pois tomamos para realizar os cálculos os dereitos e obrigas recoñecidas durante o exercicio 2019 (cap. 1-7 ingresos – cap. 1-7 gastos), sendo a situación do Concello de Paradela a seguinte:

Cap	Denominación	DR netos	Cap	Denominación	OR netas
1	Impostos directos	439.446,30	1	Gastos persoal	430.947,40
2	Impostos indirectos	425.560,66	2	Gastos bens correntes	625.687,82
3	Taxas e outros ingresos	147.876,51	3	Gastos financeiros	861,39
4	Transferencias correntes	736.820,02	4	Transferencias correntes	41.549,31
5	Ingresos patrimoniais	3.344,62			
6	Alleam. Investim. reais	0,00	6	Investimentos reais	1.096139,88
7	Transferencias de capital	400.550,45	7	Transferencias de capital	0,00
		2.153.598,56			2.195.185,80
Capacidade-necesidade de financiación				- 41.587,24	

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade/necesidade de financiamento debe analizarse tendo en conta o **Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)**, deben realizarse os axustes especificados pola Intervención Xeral do Estado no Manual publicado para o cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais, que, por lo que se refire a este Concello de Paradela serían os seguintes:

1.- AXUSTES NO ESTADO DE INGRESOS.-

A) Ingresos fiscais e asimilados.- Debemos axustar os dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 2 e 3 de ingresos, aplicando o criterio de caixa, isto é, o axuste ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación e a recadación total en caixa correspondente ós citados ingresos, tanto de orzamento corrente como de exercicios pechados. Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo que incrementará o déficit público, polo contrario, se a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros, o axuste será positivo, diminuindo o déficit.

Cap	DR netos 2019	Recaudación		Total recadación	Axuste
		Exercicio 2019	Pechados		
1	439.446,30	360.499,30	102.775,86	463.275,16	+ 23.828,86
2	425.560,66	425.560,66	0,00	425.560,66	0,00
3	147.876,51	103.506,74	40.258,07	143.764,81	- 4.111,70

Do anterior, **debe axustarse á ALTA por importe de 19.717,16** (+23.828,86 do capítulo 1; - 4.111,70 € do capítulo 3).

B) Participación nos tributos do Estado.- Debemos computar as entregas a conta e a liquidación definitiva do exercicio satisfeitas polo Estado a favor do Concello durante o exercicio 2018. As diferenzas poden vir motivadas polo desfase nas comunicacións que teñen entrada no Concello no exercicio seguinte á data do recoñecemento do pago pola Administración do Estado, así, axustamos á alza por aquelas cantidades correspondentes ó concepto sinalado que non fosen recoñecidas no 2019 por descoñecemento dos datos a 31/12/19 ou ben en senso contrario axustaremos á baixa

polos dereitos recoñecidos correspondentes ao 2018, pero imputados a este orzamento por ter coñecemento dos datos con posterioridade a 31/12/18. En concreto neste exercicio non proceden os **axustes correspondentes á participación dos tributos do estado** pois o Concello tiña coñecemento da entrega a conta correspondentes ao mes de decembro no propio mes de decembro de 2019 aínda que non se producirá o ingreso efectivo.

Polo seu canto, realízase un axuste por importe de **22.109,58 €** derivado da devolución da liquidación definitiva da Participación dos Tributos do Estado do exercicio 2016 e **7.870,56 €** derivado da devolución da liquidación definitiva da Participación dos Tributos do Estado do exercicio 2017.

C) Transferencias correntes e de capital.- Os ingresos dos capítulos 4 e 7 deben computarse tomando o criterio do pagador, isto é, os importes a considerar serán os mesmos que os que o ente pagador rexistra como recoñecidos na súa contabilidade, máis a imposibilidade de poder coñecer tal situación, non se realiza o axuste a o adoptar o criterio de recoñecemento da obriga.

2.- AXUSTES NO ESTADO DE GASTOS.- No estado de gastos **NON** é necesario realizar ningún tipo de **axuste**

Aplicando os axustes sinalados anteriormente resulta o seguinte:

Ingresos non financeiros Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)	2.153.598,56
Axuste por recaudación ingresos capítulo 1	+ 23.828,86
Axuste por recaudación ingresos capítulo 2	0,00
Axuste por recaudación ingresos capítulo 3	- 4.111,70
Axuste devolución PTE liquidación definitiva exercicio 2016 e 2017	+ 29.980,14
Total axustes	+ 49.697,30
Gastos non financeiros Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)	2.195.185,80
Capacidade-necesidade de financiación SEC95	8.110,06

A nivel consolidado, a suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Ingresos, é maior, á suma dos Capítulos I a VII do Orzamento de Gastos. É dicir, os ingresos dos capítulos I a VII do Orzamento son suficientes para financiar os gastos dos mesmos capítulos do Orzamento de gastos, o que representa una situación de superávit orzamentario, por importe de 8.110,06 €.

En consecuencia, con base nos cálculos detallados cúmprese o obxectivo de estabilidade orzamentaria de acordo co artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

Quinto.- Cumprimento da regra de gasto

A regra de gasto calcúlase comprobando que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto, publicada polo Ministerio de Economía, de acordo coa metodoloxía utilizada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa. Esta taxa publicárase no informe de situación da economía española.

A taxa de referencia de crecemento do PIB da economía española a medio prazo para o

Orzamento do ano 2019 é do 2,7%, de maneira que o gasto computable neste exercicio, non poderá aumentar por enriba da mesma.

Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

1.- A taxa de variación do gasto computable dun exercicio calcúlase de acordo coa seguinte fórmula:

$$T.V. \text{ Gasto computable (\%)} = \left(\frac{\text{Gasto computable ano } n}{\text{Gasto computable ano } n-1} - 1 \right) * 100$$

O cálculo do gasto computable do ano n-1, realizarase a partir da liquidación do Orzamento de devandito exercicio.

O gasto computable do ano n, obterase a partir da información da liquidación.

2.- Considéranse "empregos non financeiros" para efectuar o cálculo do "gasto computable", os gastos dos capítulos I a VII do Orzamento.

Descontando os gastos relacionados cos intereses da débeda (Capítulo III. Gastos Financeiros, salvo os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais), obteremos os "empregos non financeiros (excepto intereses da débeda)".

Atendendo á metodoloxía de cálculo da normativa vixente, é necesaria a realización dos seguintes axustes segundo os criterios do Sistema Europeo de Contas

- **Alleamento de investimentos:** Axuste negativo (-): importe dos dereitos recoñecidos por alleamento de terreos e investimentos reais recollidos no capítulo 6 do Orzamento de Ingresos.

- **Investimentos realizados por empresas que non son Administracións Públicas por conta dunha Corporación Local:**

Axuste positivo (+): importe da diferenza entre as obrigacións recoñecidas en capítulo VI ou VII de gastos e o investimento realizado pola empresa pública.

Axuste negativo (-): importe da diferenza entre as obrigacións recoñecidas en capítulo VI ou VII de gastos e o investimento realizado pola empresa pública.

- **Investimentos realizados pola Corporación Local por conta doutra Administración pública.** Axuste negativo (-): importe das obrigacións recoñecidas derivadas de encoméndaa no Orzamento de Gastos. Suporá un menor gasto non financeiro.

- **Execución de Avais:** Axuste positivo (+): importe da contía paga consecuencia da execución do aval.

- **Achegas de capital:** En contabilidade nacional, as achegas de capital teñen a consideración de operación financeira (activo financeiro) ou non financeira (transferencias de capital), segundo o destino que se de aos mesmos.

Axuste positivo (+): se a achega de capital ten un destino non financeiro, considerarase transferencia de capital (maior gasto non financeiro).



- *Asunción e cancelación de débedas: Axuste negativo (-): polo importe da débeda asumida, cancelada ou condonada.*

- *Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da Corporación Local: Diferenza entre o saldo inicial e saldo final da conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento.*

Axuste positivo (+): saldo final da conta 413 é maior que o saldo inicial.

Axuste negativo (-): saldo final da conta 413 é menor que o saldo inicial.

- *Pagos a socios privados (marco Asociacións público privadas): Axuste positivo (+): importe do investimento executado polo concesionario.*

- *Adquisicións con pago aprazado:*

Axuste positivo (+): importe resultante da diferenza entre o valor total do activo e as obrigacións recoñecidas e imputadas ao Orzamento de gastos relativos á adquisición do ben (ano da entrega do ben).

Axuste negativo (-): importe aprazado e incorporado ao Orzamento como obrigación recoñecida para o pago do activo (exercicios seguintes).

- *Arrendamento financeiro:*

Axuste positivo (+): importe resultante da diferenza entre o valor total do activo e as obrigacións recoñecidas e imputadas (ano de firma do contrato).

Axuste negativo (-): importe da amortización do activo, polas obrigacións recoñecidas e imputadas nos Capítulos III e VIN do Orzamento de Gastos (exercicios seguintes incluído o último ano como consecuencia da opción de compra).

- *Préstamos: Axuste positivo (+): importe dos préstamos concedidos que se produzan no exercicio.*

*** Axustes sobre os compoñentes do gasto que non teñen un carácter fixo ou que teñen un carácter preferente non sometido a limitación de crecemento:**

- **Outros:** Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesorería, tanto de financiación afectada e de incorporación obrigatoria e gastos financiados con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, considerando que os mesmos son financiados con aforro do exercicio anterior e polo tanto non teñen carácter estrutural por un importe total de 131.007,22 euros

Incorporación obrigatoria..... - 56.694,85 €

Financiados con RLT gastos xerais..... - 74.312,37 €

- **Gastos financiados con fondos finalistas da Unión Europea e doutras Administracións Públicas:** son gastos que teñen a súa contrapartida en ingresos, non se limita o seu crecemento ao non supor un crecemento do gasto en termos estruturais.

Estado..... - 1.249,03 €

Comunidade Autónoma..... - 320.873,53 €

Deputacións..... - 363.292,31 €

- **Diminución do gasto computable por investimentos financieramente sustentables (DÁ 6ª O 2/2012):** Deberá diminuírse do gasto computable, aquel destinado a investimentos financieramente sustentables que se axusten ao disposto na Disposición Adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e



Sustentabilidade Financeira, por tratarse de gasto financiado co superávit orzamentario do exercicio anterior.

<i>Descrición inversión financeiramente sostible</i>	<i>Aplicación económica</i>	<i>Grupo de Programa de gasto</i>	<i>Obrigas recoñecidas netas ao final do exercicio financiadas con cargo ao superávit de 2018</i>	<i>Obrigas recoñecidas netas ao final do exercicio financiadas con cargo ao superávit de 2019</i>
<i>Construcción da nave destinada a viveiro industrial de empresas no P.I. de Paradela</i>	609	422		- 247.080,63 €
<i>Pavimentación núcleo de Guián (Terminación)</i>	619	453		- 7.185,19 €
<i>Aportación municipal Plan Mellora de Camiños 2019-2020. Obra</i>				
<i>Acondicionamento e rexeneración do pavimento de A Parrocha a O Sacadoiro e de estrada LU-P-4204 a O Sacadoiro</i>	619	453		- 10.243,15 €
<i>Acondicionamento e mellora dos accesos a Cabo de Vila - Santa Marta e Adega</i>	619	454		- 30.237,90 €

*** Aumentos/Reducións permanentes da recadación:** No caso de que se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes de recadación se poderá aumentar na contía equivalente o nivel de gasto computable. No caso de que supoñan reducións permanentes de recadación se deberá diminuír na contía equivalente o nivel de gasto computable.

3.- A avaliación do cumprimento da regra de gasto con motivo da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2019, presenta os seguintes resultados:

- Suma capítulos 1 a 7 de gastos.....	2.194.324,41 €
- Axustes Calculo empregos non financeiros según o SEC	
Outros: Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesorería, de financiación afectada e de incorporación obrigatoria e gastos financiados con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais.....	- 131.007,22 €
Empregos non financeiros terminos SEC excepto intereses da débeda....	2.063.317,19 €
- Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras Administracións Públicas.....	- 685.459,87 €
- Incrementos de recaudación.....	0,00 €
- Gastos financeiramente sostibles 2019.....	- 294.746,87 €
- Total gasto computable exercicio 2019.....	1.083.110,45 €

O informe do cumprimento da regra de gasto é o seguinte

- Gasto computable liquidación 2018 sin IFS.....	1.132.325,81 €
- Gastos inversións financeiramente sostibles 2018.....	-76.298,39 €
- Total gasto computable incluída taxa referencia PIB para exercicio 2019 (2,7 %)	1.084.540,16 €
- Aumentos /disminucións de recaudación.....	0,00 €
- Gastos inversións financeiramente sostibles 2019.....	- 294.746,87 €

- Límite regra de gasto.....	1.084.540,16 €
- Gasto computable liquidación exercicio 2019.....	1.083.110,45 €
Cumprimento da regra de gasto por importe de.....	1.429,71 €

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, resultando necesario realizar os axustes detallados, obsérvase que o gasto computable consolidado do Concello de Paradela, é de 1.084.540,16 euros no ano 2018, e de 1.083.110,45 euros no ano 2019, polo que a diferenza entre o "Límite da Regra do Gasto" e o "Gasto computable Liquidación 2019" é de 1.429,71 €.

Por tanto, **a variación do gasto computable é do 2,56 %**, menor á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, situada no 2,7 % para o exercicio 2019.

En consecuencia, con base nos cálculos detallados cúmprese o obxectivo da Regra do Gasto de acordo co artigo 12 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro.

Sexto. Cumprimento do límite de débeda.

As Entidades Locais terán a obrigaón de non pasar o límite de Débeda Pública fixado no 2,6 % do PIB para o exercicio 2019, de conformidade co recollido en Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 13.

Considerando que para a Administración Local non se estableceu en termos de ingresos non financeiros este obxectivo, e que en consecuencia resultan de aplicación os que xa establecía o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 53, efectúase este cálculo a efectos de determinar se o Concello cumpre co obxectivo de débeda Pública.

O importe de débeda viva é de 83.286,06 €, que respecto dos recursos ordinarios derivados da presente liquidación (dereitos recoñecidos netos capítulos 1 a 5 de ingresos) 1.753.048,11 €, **representa o 4,75% cando o límite de débeda endebedamento regulado na normativa vixente está entre o 75% e o 110%.**

Sétimo.- Conclusións.

Á vista dos cálculos precedentes e con motivo da liquidación do orzamento do exercicio 2019 cabe informar, de acordo co Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro, do seguinte resultado obtido:

- Que esta Entidade Local **cumple o obxectivo de Estabilidade Orzamentaria** entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.
- Que esta Entidade Local **cumple o obxectivo da Regra do Gasto**, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.



- Que esta Entidade Local **cumpre o obxectivo do límite de Débeda Pública**, de acordo con normativa vixente.

Tal e como sinala o RLEO, procede elevar ao Pleno este informe xunto co expediente de liquidación do orzamento do exercicio 2019 sen máis trámite.

O Pleno dase por enterado.

6º. DACIÓN DE CONTA DO INFORME REMITIDO AO VALEDOR DO POBO.

Deuse conta do informe de Alcaldía de 2 de marzo de 2020 que se transcribe a continuación:

“O 19 de febreiro de 2020 ten entrada no rexistro do Concello escrito do Valedor do Pobo solicitando informe sobre o problema que motivou a queixa relativa a procedencia da ubicación dos colectores de lixo para a correcta prestación do servizo de recollida de lixo.

Por parte do Concello emítese o seguinte informe:

Primeiro.- O 11 de decembro de 2019 as persoas que formulan a queixa recibiron a comunicación que se reproduce de xeito textual a continuación:

O 4 de decembro de 2019 tivo entrada no Rexistro do Concello (2019-E-RC-1004) escrito presentado por Don Alfredo Casto Pérez López, Dona Sofía López Álvarez e Dona Consuelo Ríos Dubra solicitando que por parte do Concello se procedese á prestación do servizo de recollida de lixo no lugar de Uceira Branca- Parroquia de Castro de Rei, manifestando que o Concello retirou os colectores do lugar de Uceira Branca deixando de prestar o servizo básico e obrigatorio.

Ao respecto significar que o servizo de recollida de lixos sólidos urbanos é un servizo de recepción obrigada para tódolos veciños e para os titulares de bens inmobles urbanos e actividades radicadas no concello.

*O Concello en ningún momento deixou de prestar o servizo obrigatorio de recollida de lixo, senón que por circunstancias fácticas procedeuse ao cambio de ubicación dos colectores ante as dificultades e os perigos que ocasionaría o acceso do camión municipal adicado á prestación do citado servizo, nas condicións nas que as facía anteriormente; polo que o Concello na súa **capacidade de autorganización e competencia** trasladou os colectores ao lugar onde o camión pode acceder sen dificultades e sen causar perigo tanto no tránsito rodado coma os veciños, **porque a capacidade de organización do servizo e potestade para ubicar os colectores correspóndelle a quen xestiona o servizo (neste caso ao Concello) non aos veciños, porque estes non son quen para cambiar a ubicación dos colectores, cuestión que se está producir, xa que os contedores son elementos de propiedade pública do Concello, non dos veciños.***

A ubicación fixada polo Concello para os colectores non implica de ningún xeito que o Concello non estea prestando o servizo, polo que non se producen os feitos manifestados no seu escrito.

En canto aos fundamentos xurídicos manifestado por vostedes, sinalar que o Concello tampouco está a incumprir ningún deles, quen xestiona o servizo é Concello non os veciños, polo que non se lle pode imputar ao Concello a non prestación dun servizo



cando son algúns veciños os que deciden libremente (sen ter competencia algunha) cambiar a ubicación dos colectores e impedir a recollida non termos que establece o propio órgano que xestiona o servizo.

Segundo.- O mesmo día 11 de decembro de 2019 as persoas que formulan a queixa recibiron a comunicación que se reproduce de xeito textual a continuación:

“O 4 de decembro de 2019 tivo entrada no Rexistro do Concello (2019-E-RC-1003) escrito presentado por Don Alfredo Casto Pérez López e Dona Consuelo Ríos Dubra, en representación de veciños de Uceira Branca solicitando a concesión dun permiso para realizar obras en camiño público no propio núcleo dos solicitantes (Camino de la fuente) coa finalidade de acondicionalo para o seu uso como zona de cambio de sentido para calquera vehículo que teña que entrar no núcleo, entre eles o camión da basura, mediante a limpeza e pavimentación con zahorra, costado polos propios veciños. Acompañan planos explicativos da ubicación da zona a acondicionar, rogando a súa concesión de xeito urxente, posto que dende hai máis de mes e medio o concello non procede á retirada da basura.

Examinada a documentación presentada significar:

Primeiro.- O solicitantes din que actúan en representación de veciños de Uceira Branca, non acreditando de xeito algún a citada representación.

Segundo.- Da documentación aportada dedúcese a necesaria ocupación de porcións de terreos de propiedade privada, polo que para poder facer o que solicitan sería preciso a cesión por parte dos propietarios das porcións de terreos necesarias para executar as obras e as actuacións urbanísticas correspondentes, non constando entre a documentación documento algún ao respecto, polo que nin o Concello nin os particulares poden actuar sobre parcelas que non son da súa propiedade, xa que non hai dispoñibilidade dos terreros.

Visto que, unha vez revisada a solicitude, non consta a presentación da documentación mínima esixida para iniciar expediente administrativo, se lle remite o presente ao abeiro do artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que subsane a mesma aportando:

- Documentos que acrediten a representación.
- Documentos acreditativos da dispoñibilidade dos terreros que se pretenden ocupar para a execución da actuación solicitada.
- Descrición técnica das características da obra de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible.

Todo elo deberá aportarse no prazo de dez (10) días hábiles, indicándolle que, de non facelo así, entenderáse por desistido na súa petición”.

Terceiro.- En data 6 de febreiro de 2020 no expediente que consta no Concello, púxose en coñecemento dos veciños o seguinte:

“O 4 de decembro de 2019 tivo entrada no Rexistro do Concello (2019-E-RC-1004) escrito presentado por Don Alfredo Casto Pérez López, Dona Sofía López Álvarez e Dona Consuelo Ríos Dubra solicitando que por parte do Concello se procedese á prestación do servizo de recollida de lixo no lugar de Uceira Branca- Parroquia de



Castro de Rei, manifestando que o Concello retirou os colectores do lugar de Uceira Branca deixando de prestar o servizo básico e obrigatorio.

Ao respecto significar que o servizo de recollida de lixos sólidos urbanos é un servizo de recepción obrigada para tódolos veciños e para os titulares de bens inmobles urbanos e actividades radicadas no concello.

O Concello en ningún momento deixou de prestar o servizo obrigatorio de recollida de lixo, senón que por circunstancias fácticas procedeuse ao cambio de ubicación dos colectores ante as dificultades e os perigos que ocasionaría o acceso do camiión municipal adicado á prestación do citado servizo, nas condicións nas que as facía anteriormente; polo que o Concello na súa **capacidade de autorganización e competencia** trasladou os colectores ao lugar onde o camiión pode acceder sen dificultades e sen causar perigo tanto no tránsito rodado coma os veciños, **porque a capacidade de organización do servizo e potestade para ubicar os colectores correspóndelle a quen xestiona o servizo (neste caso ao Concello) non aos veciños, porque estes non son quen para cambiar a ubicación dos colectores, cuestión que se está producir, xa que os contedores son elementos de propiedade pública do Concello, non dos veciños.**

A ubicación fixada polo Concello para os colectores non implica de ningún xeito que o Concello non estea prestando o servizo, polo que non se producen os feitos manifestados no seu escrito.

En canto aos fundamentos xurídicos manifestado por vostedes, sinalar que o Concello tampouco está a incumprir ningún deles, quen xestiona o servizo é Concello non os veciños, polo que non se lle pode imputar ao Concello a non prestación dun servizo cando son algúns veciños os que deciden libremente (sen ter competencia algunha) cambiar a ubicación dos colectores e impedir a recollida non termos que establece o propio órgano que xestiona o servizo”.

O 27 de xaneiro de 2020 ten entrada no Rexistro do Concello informe da unidade de policía adscrita (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior) sobre denuncia dun particular polo abandono de residuos domésticos no lugar de Uceira Branca, Concello de Paradela. No informe se fai constar que “os veciños do lugar manifestan que dende hai dous meses segue a acumularse o lixo neste lugar sen que sexa recollido pola entidade competente.”

Tal e como se fai constar son os propios veciños os que trasladaron os colectores a zona onde se recollía o lixo ata o mes de marzo de 2019, **ubicación que foi cambiada polo Concello para evitar problemas de circulación co camiión e coas persoas que viven na zona, xa que ata esa data (marzo de 2019) o camiión xiraba utilizando un pequeno espazo privado que dende esa data non se pode utilizar o que conleva que o vehículo de recollida do lixo tivera que ir marcha atrás co perigo que esto ocasionaba.**

Os veciños decidiron trasladar o contenedor ao lugar no que estaba orixinariamente; aínda así o Concello recolleu nesa ubicación dúas veces; pero o que **non poden os veciños é decidir como se xestiona o servizo, polo que o feito da non recollida do lixo é única e exclusivamente responsabilidade dos veciños que cambian a ubicación do contenedor, convertendo o mesmo nun foco de contaminación e de riscos sanitarios, e incluso de incendios.**



En consecuencia, queda terminantemente prohibido depositar o lixo nas rúas e beirarrúas fóra dos contedores e dos lugares fixados polo xestor do servizo de recollida do lixo.

O artigo 5 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia establece como competencias das entidades locais en materia de residuos: a xestión dos residuos urbanos, nos termos previstos na presente lei e na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos así como vixiar, inspeccionar e sancionar no ámbito das súas competencias, polo que no exercicio das competencias atribuídas pola Lei de Bases de Réxime Local, Resolvo:

Primeiro.- Que por Don Alfredo Casto Pérez López, Dona Sofía López Álvarez e Dona Consuelo Ríos Dubra, se proceda a colocar o contenedor e trasladar pola súa conta o lixo á ubicación fixada polo Concello dende o mes de marzo de 2019, para que este sexa recollido polos servizos municipais, outorgándolle un prazo de dez días hábiles contados a partir da recepción do presente.

Segundo.- Se transcorrido o citado prazo non proceden a colocar o contenedor e trasladar pola súa conta o lixo á ubicación fixada polo Concello dende o mes de marzo de 2019, para que este sexa recollido polos servizos municipais, procederase á execución subsidiaria, repercutíndolles os custos ás persoas obrigadas, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda.

Terceiro.- O contenedor quedará ubicado no lugar que fixou o Concello, en caso de que se proceda ao seu traslado, procederase a adopción das medidas legais que se consideren pertinentes.

Cuarto.- Notificar o presente ás persoas interesadas xunto cos recursos que procedan.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Cuarto.- En data 13 de febreiro de 2020 no expediente que consta no Concello, púxose en coñecemento dos veciños o seguinte:

“En data 26 de decembro de 2019 ten entrada no rexistro do Concello, solicitude de licenza para realizar obra nun camiño público coñecido como camiño da Fonte na intersección dos camiños con referencias catastrais 27042A022090830000GA e 27042A022090820000GW, coa finalidade de adecualo para que os vehículos que entren no núcleo de Uceira Branca.

O 12 de febreiro de 2020, emítese informe polo técnico municipal do que adxunta copia, no que fai constar o seguinte:

“.../...En consecuencia procede requirir al interesado para que complete el documento técnico, aportando plano de superposición del chaflán que pretende acondicionarse con el plano de alineaciones adjunto, a los efectos de valorar su compatibilidad. Asimismo deberá aportarse la autorización mencionada”.

O que se lle comunica para o seu coñecementos e efectos de que complete o documento técnico, aportando plano de superposición do chaflán que pretende acondicionarse co plano de alineacións adxunto, aos efectos de valorar a súa compatibilidade. Asimismo deberá aportarse a autorización sectorial do órgano autonómico competente en materia de protección do patrimonio, para poder continuar coa tramitación do expediente”.




O 26 de febreiro de 2020 técnico municipal emitiu o seguinte informe:

MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, arquitecto colegiado 1508, en calidad de consultor y asistente técnico urbanista en las áreas de urbanismo, arquitectura y obras del Concello de Paradela,

A requerimiento del Alcalde-Presidente del Concello de Paradela, interesando que se emita informe comprensivo de las posibilidades para ubicar contenedores de recogida de basura en el núcleo rural de Uceira Branca, se emite el siguiente informe,

La ubicación de los contenedores viene determinado par el espacio físico para dichos elementos, y por las posibilidades de acceso y maniobra de los vehículos encargados de su recogida y gestión, fundamentalmente en lo referente a seguridad viaria, teniendo en cuenta (como circunstancia no determinante) la mayor comodidad de los usuarios por la cercanía a las viviendas del núcleo.

El núcleo de Uceira Branca está comunicado con el resto del ayuntamiento por una pista municipal que parte de los núcleos de Bacorelle y Vilachá, hacia el límite municipal y la carretera LU-611. Desde esta pista parte el acceso al núcleo.




El único acceso que Uceira Branca tienen en la actualidad tiene que servir simultáneamente de entrada y salida, lo que condiciona las opciones a valorar para la ubicación de los contenedores, ya que obliga a los vehículos de gestión de residuos a maniobrar para la salida, al estar completamente desaconsejado por motivos de seguridad la marcha atrás del vehículo en una distancia importante, o si existiese necesidad de giros durante la maniobra de marcha atrás.

Por otra parte se comprueba que no existen espacios del dominio público viario capaces de garantizar una maniobra adecuada para invertir la marcha del vehículo de recogida de residuos (los sobre-anchos no alcanzan un mínimo de 7 metros en ningún punto, no sirviendo por tanto para la maniobra de cambio de sentido).

Estas dos circunstancias (entrada y salida por la misma vía e inexistencia de espacio para maniobra de cambio de sentido) imposibilitan la colocación de los contenedores en el acceso propio del núcleo.



En el futuro dichas circunstancias podrían revertirse en aplicación de lo dispuesto en el vigente planeamiento municipal, que prevé un vial de salida y diversos ensanchamientos de la vía pública. Ello requeriría la cesión de dicho espacio viario por los propietarios particulares, y la realización de inversiones condicionadas por las disponibilidades presupuestarias.



En consecuencia se propone la instalación de los contenedores en el punto que figura en el plano adjunto, al reunir las condiciones óptimas de espacio y seguridad viaria, teniendo en cuenta la innecesaridad de cambio de sentido, la disponibilidad de espacio y la amplitud visual que garantiza dicha seguridad viaria. Como circunstancia negativa se valora la existencia de cierta distancia entre la vivienda más alejada y dicho punto, si bien este alejamiento (130 metros) no se juzga excesivo ni condiciona la funcionalidad del servicio.



De todo o manifestado anteriormente, onde se expón a documentación obrante no expediente, claramente se deduce:

1º.- Que dende o mes de marzo de 2019 ata o mes de outubro de 2019, non se



produciron por parte do veciños queixas acerca da nova ubicación dos contenedores.

2º. Que o Concello en ningún momento deixou de prestar o servizo de recollida do lixo, nin deixou de prestalo de forma correcta.

3º.- O cambio non se debeu a unha actuación arbitraria e discrecional como se manifesta no escrito de queixa, senón para evitar problemas de circulación co camiión e coas persoas que viven na zona, xa que ata (marzo de 2019) o camiión xiraba utilizando un pequeno espazo privado que dende esa data non se pode utilizar o que conleva que o vehículo de recollida do lixo tivera que ir marcha atrás co perigo que esto ocasionaba; ademáis como se infire dos propios escritos presentados polas persoas que realizan a queixa si se produciron cambios fácticos para o cambio de ubicación, como o pon de manifesto o feito de que os propios veciños solicitan a ampliación do camiño, cedendo parte de propiedades privadas que permitan que os vehículos podan xirar.

O que se lle remite aos efectos solicitados”.

O Pleno dase por enterado.

7º. SORTEO DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DAS MESAS ELECTORAIS NAS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA A CELEBRAR O VINDEIRO 5 DE ABRIL DE 2020.

O Presidente da Corporación inicia o único punto da orde do día dando conta aos concelleiros presentes da necesidade de proceder, de conformidade co establecido no artigo 26.4º da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, á elección por sorteo público dos membros que formarán parte das mesas nas vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, a celebrar o 5 de abril de 2020.

A tal efecto comunicase que cos datos remitidos do censo electoral da delegación provincial do Instituto Nacional de Estadística levarase a cabo o sorteo utilizando a aplicación informática proporcionada polo Instituto Nacional de Estadística (INE).

A continuación procedeuse a realizar o sorteo co seguinte resultado:

Distrito Censal 01 - Sección 001 - Mesa U

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
RODRÍGUEZ	LÓPEZ	BEATRIZ	Presidenta
PÉREZ	VÁZQUEZ	ESTHER	1ª vogal
LÓPEZ	PÉREZ	PABLO	2º vogal
VILAR	MODIA	MONTSERRAT	1ª suplente Presidenta
PÉREZ	LÓPEZ	LAURA	2ª suplente Presidenta
MOURÍN	LÓPEZ	MARÍA JESÚS	1ª suplente 1ª vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	JOSÉ	2ª suplente 1ª vogal
FERNÁNDEZ	LÓPEZ	RAÚL	1º suplente 2º vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	MARÍA PILAR	2ª suplente 2º vogal

Distrito censal 01 - Sección 002 - Mesa A

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
ARIAS	GONZÁLEZ	ESTHER	Presidenta
ARMESTO	FERNÁNDEZ	LAURA	1ª vogal
CASTAÑO	LÓPEZ	MÓNICA	2ª vogal
LÓPEZ	CASTRO	RAQUEL	1ª suplente Presidenta
LÓPEZ	ABELLA	ANA MARÍA	2ª suplente Presidenta
TEJÓN	FIGUEIRAS	SAMUEL	1º suplente 1ª vogal
RODRÍGUEZ	GONZÁLEZ	JOSÉ	2º suplente 1ª vogal
LÓPEZ	GONZÁLEZ	ISAURA	1ª suplente 2ª vogal
RODRÍGUEZ	LÓPEZ	IVÁN	2º suplente 2ª vogal

Distrito Censal 01 - Sección 002 – Mesa B

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	CARGO NA MESA
SÁNCHEZ	FERNÁNDEZ	LUÍS	Presidente
ABELLA	PEÑA	KEVIN	1º vogal
LÓPEZ	DÍAZ	CLARA	2ª vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	ALBA	1ª suplente Presidente
RODRÍGUEZ	RODRÍGUEZ	VERÓNICA	2ª suplente Presidente
RODRÍGUEZ	LÓPEZ	DAVID	1º suplente 1º vogal
LÓPEZ	RODRÍGUEZ	JOSÉ CARLOS	2º suplente 1º vogal
LÓPEZ	LÓPEZ	SEGUNDO	1º suplente 2ª vogal
FERNÁNDEZ	BUJÁN	ERIC	2º suplente 2ª vogal

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do nove de marzo de dous mil vinte, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor

